

# Palabras de mocidade

**P**aloma Calvo Varela é unha xove escritora de 21 anos que cursa estudos de xornalismo na Universidade de Santiago de Compostela. Malia a súa mocidade foi merecedora xa de varios premios: así recibiu o “Xesús Alonso Montero” de narrativa, o do Concello de Cambre, o “María Soliño” de Cangas de poesía, o do Certame Literario de Barbadás e tamén o “Manuel Murguía” para estudantes no Concello de Arteixo: precisameente, o lugar lugar do seu nacemento.

Agora, con prólogo de Henrique Rabuñal que lle dá a benvida ao mundo das letras, e editado por Espiral Maior na colección “Narrativa”, acaba de saír ao prelo o que constitúe o seu primeiro libro: *A vinganza da mantis*.

O volume é un conxunto de once relatos de diversa temática pero que teñen o

## *Con protagonismo feminino*



DORINDA CASTRO SOLIÑO



denominador común da forza, da garra e o ímpeto co que irrompe a autora no mundo literario.

A mundo da xuventude coa súa especial problemática, o amor e desamor, o sexo e o desexo, a droga, a velocidade, a vinganza, a superación, a música latén nestes relatos de protagonistas mozos e mozas de xeito vibrante e descarnado. De todos eles destacamos os que, desde diversa fasquía, teñen voz e protagonismo feminino. A muller que retratan é aquela que

non se resigna perante os golpes e vicisitudes, a que loita polos seus propósitos, que actúan con afouteza e levan a iniciativa en diferentes situacións. En boca das protagonistas escoitamos frases como: “ao final es meu e agora es ti o que ten medo”, “admito que sempre pensei que o meu corpo era a mellor arma que posuía para acada-los meus propósitos”. Son mulleres que tentan manexar as pezas como no xogo de xadrez, que saben que deixan pegada indeleble, que teñen un coeficiente de intelixencia 131 que lles impide dicir “quero casar contigo” ou que toman vinganza como no relato “A vinganza da mantis”, que dá título ao libro, “Ás veces nin as mantis relixiosas nin as viúvas negras precisan ter fornicado antes para devora-lo macho”.

Damos nós tamén a benvida a autora ao mundo da letra impresa e desexámoslle unha exitosa e feliz travesía nel.

CALVO VARELA, Paloma, *A vinganza da mantis*, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2007, 110 páxinas.